

REGULAMENTO DE XESTION DE RESIDUOS NO TERMINO MUNICIPAL DE FENE

REGULACION XURIDICA.

ARTIGO 1º.-

O presente regulamento fundamentase e desenrolase no ámbito competencial establecido para os municipios pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en materia de xestión de residuos e protección do medio ambiente, todo elo en desenrolo da Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre Dereitos e Residuos Sólidos Urbáns, e Real Decreto Lexislativo 1.163/1986, do 13 de xuño, polo que se incorpora á anterior as previsións establecidas na Directiva 75/442 da Comunidade Económica Europea en materia de residuos.

OBXECTO.

ARTIGO 2º.-

Este regulamento ten por obxecto establece-la ordenación das operacións de recollida, transporte, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbáns, mediante as seguintes actuacións e actividades:

- a) Limpeza das vías e espazos públicos, praias, solares de propiedade municipal, incluíndo o rego de rúas e prazas e eliminación de pintadas.
- b) A recollida de residuos sólidos e o seu transporte ó verquedeiro, pranta de reciclaxe ou calquera outro sistema de tratamento e eliminación.

Consideraranse residuos sólidos os produtos e desechos procedentes de actividades domiciliarias, comerciais e de servizos de limpeza, mobles, enseres e en xeral todos aqueles cuia recollida, transporte e almacenamento ou eliminación sexan de competencia municipal.

LIMPEZA DA VIA PUBLICA.

ARTIGO 3º.-

1.- A limpeza e recollida dos residuos procedentes da vía pública: rúas, prazas, beirarrúas e espazos públicos, realizarase polo Concello, ben directamente ou a través das formas de xestión que establece a vixente Lei de Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes.

2.- A limpeza de zoas verdes efectuarase con carácter xeral polo servizo municipal de xardíns ou empresa contratada, no seu caso, para o mantemento dos mesmos. Exceptúanse do ámbito de aplicación:

a) A limpeza de espazos de dominio privado (viais, solares, patios interiores, espazos abertos, etc.), que se realizará polos seus propietarios seguindo as normas que estableza o Concello, ó obxecto de conseguí-los niveis adecuados de hixiene e limpeza.

Prohibicións:

a) Prohíbese terminantemente arroxar á beirarrúa e viais os residuos procedentes de limpeza de portais, locais comerciais, así coma todo tipo de desperdicios, como cáscaras, papeis, colillas e en xeral calqueira operación que poida ensucia-las vías e espazos libres; asimesmo prohíbese arroxar calquera tipo de residuos dende vehículos, xa sexa en marcha ou parados; e de forma especial prohíbese terminantemente lavar, limpar, reparar, cambiar aceites u outros líquidos a vehículos ou maquinaria na vía pública.

b) Manipular ou seleccionar os restos ou resíduos sólidos urbáns producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.

c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública dende fiestras, balcóns ou terrazas fora do horario comprendido entre as sete e as nove horas, así como tender roupa sobre a vía pública sin adopta-las medidas adecuadas, evitando causar perxucio a persoas ou bens que puideran ser afectados directa ou indirectamente por esta acción.

d) A limpeza de escaparates, portas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais ou industriais levarase a cabo de tal maneira que non se ensucie a vía pública. Estas operacións deberán realizarse antes das nove horas.

Caso de que a vía pública resultare afecta por tal utilidade a súa limpeza, na lonxitude e ancho correspondentes, levarase a cabo pola propiedade, ó obxecto de deixa-la zoa afectada en condicións adecuadas.

Cando o departamento de limpeza estime que non se cumpre debidamente con esta obriga, poderá dispoñer que se leve a efecto por persoal municipal a costa do propietario do inmovible, independentemente das sancións que tiveren lugar. ***Igualmente, cando así se estime poderase dispoñe-lo vallado de solares pola súa situación de centralidade e risco para os veciños, que deberá ser efectuado pola propiedade, previa notificación; si esta non o levara a efecto poderá realizarse por persoal municipal á súa conta***

Os residuos obtidos depositaranse polas persoas que realicen os traballos de referencia en recipientes normalizados e herméticos, quedando totalmente prohibido o depositalos directamente na vía pública, salvo nos horarios establecidos para a recollida de residuos sólidos urbáns.

ARTIGO 4º.-

Os concesionarios de quioscos ou postos na vía pública terán a obriga de manter limpo o espazo no que desenrolen a súa actividade; a mesma obriga incumbe ós propietarios de establecementos de hostelería e outros análogos en canto á superficie da vía pública que ocupen con veladores, sillas, etc.

ARTIGO 5º.-

Os titulares ou concesionarios de expendurías de tabacos, loterías nacionais, etc, instalarán pola súa conta e cargo as papeleiras necesarias para o depósito de residuos acumulados, debendo depositar éstos no horario establecido para a recollida de residuos.

ARTIGO 6º.-

Os propietarios e conductores dos vehículos que transportan terras, escombros, materiais pulverulentos, formigón ou calquera outra materia que ó derramarse ensucie a vía pública e que, por conseguinte, ocasionen danos a terceiras persoas, deberán tomar toda clase de medidas para evitalos.

Os vehículos, antes de salir das obras, lavarán os baixos e as rodas dos mesmos, co fin de impedir que ensucien as vías públicas.

Do cumprimento do determinado neste artigo, serán responsables as empresas constructoras ou os donos dos vehículos.

ARTIGO 7º.-

As persoas ou entidades que realicen obras có motivo de canalizacións, tapado de calas, etc., retirarán os sobrantes de escombros dentro das doce horas seguintes ó remate dos traballos, deixandoos entretanto debidamente amontonados, á marxe de sinalizados de modo que non entorpezan a circulación de peatóns nin de vehículos.

Transcorrido dito prazo sin ser retirados, o servizo de limpeza procederá a súa recollida e transporte, pasándose o cargo que corresponda ó interesado, independentemente das sancións a que houbera lugar.

ARTIGO 8º.-

Nas obras donde se produzan cantidades de escombros superiores a un metro cúbico, as empresas deberán utilizar para o seu almacenamento na vía pública contenedores adecuados e con sistema de peche, co fin de que non se vexan os materiais almacenados.

Ditos contenedores non poderán ser utilizados para depositar produtos que poidan descompoñerse o causar malos olores.

1.- Colocarase en sitio visible unha placa identificativa de cada contenedor, na cual constará:

- a) O nome e razón social da empresa.
- b) Número do contenedor.
- c) Superficie que ocupa en metros.

Non poderán exceder os contenedores de 4 m de largo e 1,50 m de altura.

2.- Os contenedores deberán manterse pintados e en perfectas condicións de estética, sin rebosar os materiais e dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato urbano e evitar que outras persoas arroxen neles basuras domiciliarias ou trastos inútiles. Tamén deberán encontrarse cubertos cando esteñan vertendo escombros ou produzan polvo ou perigo para as persoas ou bens.

3.- Cando os contenedores se encontren cheos de escombros procederase en prazo non superior a 24 horas, a súa retirada e substitución por outros vacíos. A estes efectos, os materiais depositados non poderán rebasar en ningún caso o plano delimitado polas aristas superiores do contenedor, prohibíndose o uso de suplementos añadidos para aumenta-la capacidade do recipiente.

4.- En ningún caso o estacionamento de contenedores poderá realizarse os sábados, domingos e días festivos, debendo ser retirado a vispera antes das 20 horas e non poderán instalarse de novo antes das 8 horas do luns ou día seguinte ó festivo.

5.- Nos supostos de que sexa necesario o estacionamento en lugares non permitidos polas normas de circulación, precisarase previa licenza, na que se especificarán as medidas que deberá adopta-la empresa para evitar accidentes.

6.- Os contenedores non poderán ser arrastrados nin para a súa colocación, nin para a súa retirada.

7.- O apoio dos contenedores sobre a calzada ou beirarrúa non será directamente, debendo apoia-los mesmos sobre tacos de madeira ou goma, que se retirarán co contenedor.

8.- O incumprimento das obrigas reflexadas nos puntos 1,2,3,4, e 5, sancionaranse de conformidade có disposto nas ordenanzas municipais.

9.- A policía local poderá ordena-la retirada inmediata dun contenedor ou contenedores que, a xuício dos axentes, poida resultar perigoso para a circulación de vehículos ou das persoas ou causar graves problemas por interrupción do tráfico da zona.

ARTIGO 9º.-

Terminada a carga ou descarga de calquera vehículo, o persoal do mesmo limpiará as beirarrúas e calzadas que ensuciase durante a operación, retirando da vía pública os residuos verquidos.

Serán responsables do incumprimento deste precepto os donos dos vehículos e os particulares dos establecementos ou finca en que se efectuara a carga ou descarga.

ARTIGO 10º.-

O persoal de establecementos ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos de tracción mecánica e os estacionen habitualmente na vía pública, limpiarán debidamente o espazo ocupado por eles.

Este precepto aplicarase ós espazos reservados para o estacionamento de camiión e autocares de aluguer e servizos públicos, sendo responsables da infracción os seus propietarios.

RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS

ARTIGO 11°.-

Comprendese baixo este epígrafe as normas que deben ser cumpridas polos usuarios do servizo de recollida, referentes á prestación e evacuación dos residuos sólidos urbáns, ben sexa de carácter domiciliario, industrial, de servizo, etc.

ARTIGO 12°.-

A recollida de residuos sólidos establecerase pola Delegación Municipal do Servizo de Limpeza con frecuencia e horarios que se estimen mais convintes.

Todo cambio de horario e frecuencia que se producira no servizo, facerase público con antelación suficiente.

ARTIGO 13.-

Da entrega dos residuos sólidos só se fará cargo o persoal autorizado a tal fin e quen os entregue a calquera outra persoa física ou xurídica deberá responder solidariamente con ésta, por calquera perxuízo que se produza por causa de aqueles, independentemente das sancións a que houbere lugar.

En ningún caso, nin baixo ningún pretexto, entregaranse os residuos sólidos urbáns ós operarios encargados do barrido e rego das rúas.

ARTIGO 14°.-

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida e aproveitamento de residuos sin previa concesión administrativa municipal.

ARTIGO 15°.-

Ningún tipo de residuos sólidos poderá ser evacuado pola red de saneamento. Prohíbese a instalación de trituradores domésticos ou industriais, que polas súas características evacúen os produtos triturados á rede de saneamento.

RECIPIENTES NORMALIZADOS.

ARTIGO 16°.-

E de uso obrigatorio a utilización de bolsas especiais ou recipientes normalizados, totalmente pechados para a evacuación dos residuos sólidos urbáns.

Os recipientes normalizados a utilizar son os tipos A ou B, amolos dous homologados por un Organismo Oficial que garantice a súa resistencia ó frío, choque, envellecemento, etc.

O tipo A está formado por cubos ordinarios de plástico, redondos ou rectangulares, en forma de tronco de pirámide para un vaciado rápido e eficaz. A súa capacidade poderá ser de 35, 50, 70, 90 e 110 litros, dependendo das necesidades.

O tipo B está formado por contenedores plásticos ou metálicos, provistos de rodas, con dispositivo de frenado que lles da robustez e lonxevidade, esenciais para o servizo que van a desempeñar. Os tamaños e modelos serán establecidos polo servizo de limpeza para capacidades de 240, 360, 800 e 1100 litros..

ARTIGO 17º.-

As operacións de lavado e limpeza que en cada caso esixan os recipientes normalizados efectuaranse periódicamente polo Concello ou empresa de servizo, salvo nos casos dos contenedores individuais, que deberán ser lavados e mantidos en bo estado polos usuarios dos mesmos.

ARTIGO 18 º.-

En inmobles con dez ou máis vivendas usaranse recipientes do tipo B, ó obxecto de evita-la manipulación dunha grande cantidade de bolsas ou recipientes do tipo A.

En aqueles inmobles que pola falla de espazo non sexa posible a ubicación de contenedores do tipo B, autorizarase o uso de recipientes ordinarios do tipo A.

ARTIGO 19º.-

Os residuos procedentes de centros sanitarios asimilados a domésticos, deberán estar debidamente envasados e pechados depositándose en contenedores do tipo B.

Os residuos clínicos procedentes de quirófanos, curas, etc., unha vez tratados mediante incineración e herméticamente pechados, depositaranse en contenedores de tipo B.

ARTIGO 20º.-

Consideraranse residuos industriais especiais, aqueles que, polas súas características, non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos urbanos e, en xeral, os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente. En consecuencia, éstos residuos deberán depositarse en verquedeiros de seguridade, sendo os propietarios de tales residuos os únicos responsables dos posibles danos ou perxucios que os mesmos poidan ocasionar.

En ningún caso permitirase o verquido de residuos industriais especiais en lugares non preparados para elo.

RESIDUOS ESPECIAIS

ARTIGO 21º.-

Prohíbese depositar nos recipientes normalizados os escombros de calquera tipo de obras.

ARTIGO 22º.-

1.- Prohíbese depositar na vía pública toda clase de escombros procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos.

2.- Igualmente prohíbese almacenar na vía pública, fora dos límites da valla protectora das obras, material de construción, area, ladrillos, cemento, etc.

ARTIGO 23º.-

1.- Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública, utilizando para elo os contenedores adecuados, cuxa instalación haberá de cumprir os requisitos e condicións que se sinalen na ordenanza municipal correspondente.

2.- A colocación dos contenedores requirirá autorización municipal, previo abono das taxas correspondentes.

3.- Prohíbese depositar escombros e toda clase de residuos sólidos urbáns en terreos ou zoas que non estén autorizadas polo Concello, sendo responsables do incumprimento as persoas que o realicen e, no caso de ser transportados con vehículos, os propietarios destes.

RECOLLIDA DE MOBLES E ENSERES

ARTIGO 24.-

1º.- Prohíbese depositar nos espazos públicos o material (como mobles ou pertenzas vellas) obxecto da recollida a domicilio de voluminosos, agás nos momentos e lugares que indique previamente o servizo de recollida destes obxectos.

2º.- Prohíbese depositar na vía pública obxectos para reservas de espazos.

3º.- As persoas que desexen desprenderse destes elementos suxetaranse ó seguinte calendario, que establece o servizo por parroquias :

Fene e Sillobre : último martes de cada mes.

Perlio e San Valentin: último mércores de cada mes.

Maniños e Barallobre : último xóves de cada mes.

Limodre e Magalofes: último venres de cada mes.

ANIMAIS DOMESTICOS

ARTIGO 25°.-

Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie sobre calquera clase de terreos, vías públicas ou espazos públicos e tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

VEHÍCULOS.

ARTIGO 26°.-

- 1.- Prohíbese abandonar calquer tipo de vehículo en vías ou terreos públicos.
- 2.- A efectos deste Regulamento, e no seu ámbito de aplicación, consideraranse abandonados aqueles vehículos ou os seus restos que, polos signos, non señan aptos para circular ou teñan evidentes sinais de abandono e deterioro.
- 3.- Os propietarios destes vehículos ou restos, serán os responsables de soporta-los gastos de recollida, transporte e depósito dos mesmos, así como a sanción a que dese lugar.

OUTROS RESIDUOS.

ARTIGO 27°.-

Inclúense neste epígrafe calesqueira outros residuos non sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte e tratamento selectivo, por razón das condicións anormais en que os mesmos poideran encontrarse.

Non se permitirá o verquido de productos químicos, materias grasas, oleaginosas, líquidos e calquera outro material asimilable ou que sexan propios de verquedeiros industriais ou especiais.

TRATAMENTO DE RESIDUOS.

ARTIGO 28°.-

Cando os residuos sólidos urbáns, pola súa natureza e a xuízo do departamento de limpeza, poideran presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixírase ó produtor ou posuidor, que realice un tratado nas prantas de tratamento, según o esixido na normativa vixente.

ARTIGO 29°.-

A xestión e explotación do servizo poderá realizarse directamente ou por concesión, arrendamento ou calquera outra forma de xestión establecida no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

ARTIGO 30°.-

Prohíbese en todo o término municipal o depósito e verquido de residuos en zonas distintas a aquelas legalmente establecidas polo Concello ou as concedidas a particulares baixo a preceptiva licenzia municipal.

REXIME DISCIPLINARIO.

ARTIGO 31.-

O Concello, a través do servizo dos axentes da policía municipal, denunciarán cantas infraccións se produzan en relación coas normas do presente Regulamento.

Toda persoa natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello, as infraccións ó presente Regulamento.

ARTIGO 32.-

As responsabilidades derivadas do cumprimento das obrigas sinaladas no presente Regulamento, serán esixibles, non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen deban responder.

Cando se trate de obrigas colectivas a responsabilidade esixirase á persoa que ostenta legalmente a súa representación.

PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 33.-

As infraccións ó establecido no presente Regulamento sancionaranse dacordo có disposto nos artigos seguintes, mediante a apertura do preceptivo expediente para as faltas graves ou moi graves, en aplicación da Lei de Procedemento Administrativo, sen perxucio da esixencia das correspondentes responsabilidades civís ou penais.

A Alcaldía, dentro do seu ámbito competencial, sancionará as infraccións cometidas en relación coas materias a que se refire o presente Regulamento.

ARTIGO 34°.-

As infraccións se clasifican en leves, graves ou moi graves.

ARTIGO 35°.-

Se considerarán infraccións leves:

- a) A falta de limpeza en rúas particulares u outros espazos libres do mesmo carácter.
- b) A falta de limpeza de solares.
- c) O incumprimento das disposicións en materia de limpeza.

- d) Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.
- e) Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.
- f) Rasgar, ensuciar ou arrancar carteis ou anuncios colocados nos lugares ou emplazamentos autorizados.
- g) Depositar as basuras e desperdicios nos contenedores ou vía pública, sin estar en bolsas, e éstas herméticamente pechadas.
- h) Depositar as basuras e desperdicios nos contenedores ou via pública fora do seguinte horario:

Verán: De 22 h. ata as 6 h., ámbalas dúas inclusive.

Inverno: De 20 h. ata as 7 h., ámbalas dúas inclusive.

ARTIGO 36°.-

Se considerarán infraccións graves:

- a) A reincidencia en tres infraccións leves.
- b) Cambiar aceites u outros líquidos ós vehículos na vía e espazos públicos.
- c) Realizar actos de propaganda mediante reparto, lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc., que ensucien os espazos públicos.
- d) Eludir as obrigas de realizar as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos.
- e) Incumprir as normas relativas á retirada de escombros procedentes de obras, nas vías públicas.
- f) Non proceder á limpeza das dexeccións de perros u outros animais.
- g) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.
- h) Abandonar mobles ou enseres na vía ou espazos públicos, fora dos horarios establecidos ó efecto.

ARTIGO 37°.-

Consideraranse faltas moi graves:

- a) Usar indebidamente ou dana-los recipientes subministrados polo Concello, así como causar deterioros en papeleiras.
- b) Abandonar cadáveres de animais nas vías ou terreos de dominio público.
- c) Abandonar vehículos na vía pública.
- d) Reincidencia de dúas faltas graves.
- e) Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sin a debida autorización.
- f) Non proporcionar a información ó Concello sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que se depositan e que poidan producir transtornos ou danos nos vehículos

de transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedi-la labor inspectora nos supostos de residuos industriais.

g) Non retira-los contenedores de obras no prazo establecido.

h) Verquido de vasoiras e residuos sólidos en lugares non autorizados.

ARTIGO 38°.-

Como contía das sancións fíxanse as seguintes:

a) Para faltas leves: apercibimento e multas de ata 15.000 PTA.

b) Para as faltas graves: multas de 15.001 a 50.000 PTA.

c) Para as faltas moi graves: multas de 50.001 a 100.000 PTA, e nos supostos de reincidencia imponse as sancións previstas na Lei 42/1975, de 19 de novembro, sobre dereitos e residuos sólidos urbáns.

ARTIGO 39°.-

Para determina-la contía da sanción atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que as motiven, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

ARTIGO 40°.-

As prescripcións das faltas produciranse:

a) Nas leves, ós dous meses.

b) Nas graves, ós seis meses.

c) Nas moi graves, ó cabo dun ano.

ARTIGO 41°.-

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación das modificacións no Boletín Oficial da Provincia.

O presente Regulamento foi aprobado polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de febreiro de 2003.

**Vº E PRACE
O ALCALDE,**

O SECRETARIO,